



CSI•F Unión Provincial Pontevedra

C/ Marqués de Riestra nº 18, entresollado.

36001 Pontevedra.

- Aforo limitado.
- Selección de asistentes por orde de inscrición.
- Para máis información chama a CSIF Unión Provincial Pontevedra ó 986896900 en horario de 09:30 a 14:00.
- Tamén podes inscribirte enviando un email a pontevedra@csi-f.es cos seguintes datos: Nome e apelidos, DNI, email, móvil, centro de traballo e profesión.
- A xornada é gratuita.
- Sexto Edificio do Museo de Pontevedra. R/ Padre Amoedo Carballo nº 3
- De 16:30 a 20:30 horas
- Para máis información sobre cómo chegar ó Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, visita a seguinte páxina:

<http://www.museo.depo.es/museo/como.chegar/es.01020000.html>

Aparcamientos recomendados preto da zona:

- Parking Hiper Froiz. R/ Cobian Roffignac nº22
- Parking Santa Clara. R/ Santa Clara nº 2
- Recinto Feiral de Pontevedra, Pazo da Cultura: C/ Alexandre Bóveda s/n. Gratuito



016

ATENCIÓN A VÍCTIMAS DE
MALOS TRATOS POR VIOLENCIA DE GÉNERO



#CSIFnonviolencia

<https://www.facebook.com/csi-f.pontevedra>
@CSIF36



II XORNADA

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



VIOLENCIA DE XÉNERO NA XUVENTUDE

7 DE NOVEMBRO

25N Día Internacional contra a Violencia de Xénero

II XORNADA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

“VIOLENCIA DE XÉNERO NA XUVENTUDE”

Coa participación de:

Dona Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade.

Dona Begoña Riveira Barros, Directora do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI).

Dona María José Méndez Lois, Directora. Dpto. Métodos de Investigación e Diagnóstico na Educación. USC, Facultade de Ciencias da Educación.

Don Pablo Varela Castejón, Fiscal da Fiscalía Provincial de Pontevedra.

Don Celso Taboada Lorenzo, Axente de Igualdade de Oportunidades. Concello de Lalín.

Programa

- **16:30** Apertura de portas e entrega das acreditacións.
- **17:00** Presentación da xornada por **Dona Susana López Abella.**
- **17:15** Mesa redonda.
- **19:00** Foro de debate aberto ó público.
- **20:00** Clausura da xornada.

Dende o contexto da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de énero, entendemos a violencia de xénero como a violencia que afecta ás mulleres polo mesmo feito de selo, e que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza. Inclúese por tanto calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teñan, ou poidan ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

A discriminación das mulleres e a violencia de xénero (como a manifestación máis brutal das desigualdades entre homes e mulleres) é un problema que traspasa fronteiras e que está presente en todos os países do mundo coa particularidade de que as vivencias do maltrato son enormemente parecidas en todos os lugares e culturas.

Calquera tipo de violencia fundaméntase nunha relación de poder onde alguén trata de dominar a outra persoa pola forza, contra a súa vontade e recoñeza a súa inferioridade e dependencia con respecto a quen exerce a violencia explícita ou simbólica. En todos os casos de violencia as vítimas pasan por un gran sufrimento e todas elas requiren coidado e atención. Todas as persoas e grupos agresores e opresores son merecedores da súa correspondente sanción penal e social; non obstante, cada tipo de violencia ten as súas peculiaridades. Pretender que toda violencia é igual impide, por exemplo, que a violencia por razón de xénero sexa comprendida adecuadamente e poida ser combatida eficazmente.

Débese lembrar que a violencia é unha estratexia de relación aprendida, non é innata. Se isto fose así, todas as persoas serían violentas ou todas as persoas exercerían a violencia da mesma maneira e no mesmo grao; sen embargo, non sempre a empregamos nas nosas relacións: falamos, negociamos, pactamos, tratamos de comprender o punto de vista da outra persoa e finalmente chegamos a un acordo, aínda que non obteñamos o que en principio queríamos.

“A violencia é una estratexia de relación aprendida, non é innata”.

“A loita contra a vilencia de xénero debe ter en conta ós grupos de idades máis novas, pois son o futuro do que depende un país”.

“Os mitos do amor romántico perxudican seriamente á igualdade”